



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Traballo Fin de Mestrado
Paula Teixeira Moláns

A gama cromática en galego:
Análise semántica e sociolóxica

Titor: Xosé Manuel Sánchez Rei

Mestrado Interuniversitario en Lingüística aplicada

Curso 2013-2014

Índice

1. Introducción.....	4
2. Fundamentos teóricos. Cultura e linguaxe: universalismo e relativismo.....	5
2.1. Estudos sobre a gama cromática.....	13
3. Traballo de campo	19
3.1. Obxectivo	19
3.2. Metodoloxía	19
3.2.1. O cuestionario	19
3.2.2. Selección dos informantes	21
3.2.3. Técnicas	22
3.3. Desenvolvemento	23
3.3.1. Problemas achados	23
3.3.2. Resultados	23
3.3.2.1. Os termos de cores básicas	23
3.3.2.1.a Datos.....	24
3.3.2.1.b Análise	26
3.3.2.2. A cor do cabelo	28
3.3.2.2.a. Datos	28
3.3.2.2.b. Análise	30

3.3.2.3. A cor dos ollos	32
3.3.2.3.a. Datos	32
3.3.2.3.b. Análise	35
3.3.2.4. A cor dos alimentos	35
3.3.2.4.a. Datos	35
3.3.2.4.b. Análise	38
3.3.2.5. A cor dos animais	38
3.3.2.5.a. Datos	38
3.3.2.5.b. Análise	40
3.3. Conclusións	41
4. Documentación das formas achadas en fontes terminolóxicas e na literatura popular	42
5. Confronto con outras realidades lingüísticas	46
5.1. O portugués	46
5.2. O catalán	48
5.3. O vietnamita	49
6. Conclusións	52
Notas	54
Referencias bibliográficas	55

Apéndices57

1. Introducción

Un dos temas máis recorrentes cando se fala do confronto entre a relatividade lingüística e o universalismo é a forma en que as linguas se refiren á gama cromática. Un dos formuladores da que despois sería chamada a Hipótese da relatividade lingüística, Benjamin Lee Whorf, tense referido en moitas ocasións a este campo semántico para ilustrar a súa teoría da linguaxe. Outros eruditos como o antropólogo Brent Berlin e o lingüista Paul Kay (B&K) teñen traballado tamén o tratamento das cores en diferentes linguas desde unha perspectiva máis universalista. Mais o certo é que este campo está sen explorar na lingua galega. O obxectivo do presente estudo é descubrir a pertinencia de emprender un traballo destas características a través da verificación ou desbotamento das teses universalistas de Berlin e Kay eda procura de indicios de relativismo lingüístico que apunten cara a futuras liñas de investigación.

A metodoloxía empregada foi a revisión de bibliografía especializada, a investigación en dicionarios contemporáneos e modernos, a procura na literatura popular e, fundamentalmente, na realización dun traballo de campo. Este consistiu no inquérito a través dun cuestionario de máis de 50 preguntas a un grupo de 25 informantes de idades comprendidas entre os 12 e os 90 anos.

O deseño concreto do cuestionario permítenos contrastar os resultados coas teses de B&K, en canto que a selección dos informantes está deseñada co fin de poder obter conclusións en base as variábeis idade e xénero.

2. Fundamentos teóricos. Cultura e linguaxe: universalismo e relativismo

As palabras de Goodenough (1971) servirannos de introdución teórica no terreo que nos ocupa: a relación entre cultura e linguaxe. Este autor afirma que a relación entre lingua, sociedade e cultura non é máis simple nas rexións tecnoloxicamente subdesenvolvidas do que o é nas zonas industrializadas. Aprender un idioma é aprender un conxunto de normas de comportamento oral comunicativo que se ordenan en varios niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico, semántico e simbólico. Estes dous últimos implican a articulación da linguaxe con outros aspectos da cultura e son precisamente os que nos interesan neste traballo.

Goodenough define o sistema semántico dicindo que é o que se ocupa da maneira en que as formas non-lingüísticas (todo o campo dos conceptos e as percepcións mediante as cales as persoas comprenden o seu mundo) se proxectan en formas lingüísticas. Isto é, formas lingüísticas que serven como código das formas non-lingüísticas. As formas non-lingüísticas pertencen a outros ámbitos do comportamento conceptual incluídos na cultura e o sistema semántico pertence á relación denotativa do ámbito comunicativo oral que chamamos linguaxe con eses outros ámbitos.

O sistema simbólico, por outra banda, abarcaría os principios que determinan os usos expresivos e evocativos das formas lingüísticas. Estaríamos a falar das connotacións das palabras, sentimentos asociados etc. Trataríase, pois, das vinculacións non denotativas relacionadas con outras formas do comportamento conceptual. Estas vinculacións manipúlanse sistematicamente para exprimiren sentimentos e para os evocaren, adularen, insultaren, construíren imaxes e crearen estados de ánimo.

Se nos referimos agora ao significado como parte da linguaxe, Goodenough afirma que o sistema semántico e simbólico non forman parte do que a ciencia lingüística por si soa é quen de estudar rigorosamente. As consideracións do significado non só non son pertinentes senón

que son un tabú para o rigor científico. Isto é demasiado ríxido, non se pode facer sintaxe sen facer referencia ao significado. Unha oración pode ser correcta gramaticalmente mais carecer totalmente de sentido. Á dupla articulación de Hockett (sistema fonolóxico e sistema gramatical) habería que engadir o sistemas semántico e simbólico.

Hai dous conceptos que desenvolve o texto de Goodenough: a émica e a ética. O autor defínas do xeito seguinte: candose describe un comportamento socialmente significativo a descrición é émica, pois baséase nos elementos que xa son compoñentes do sistema, mais é ética na medida en que se basea en elementos conceptuais que non son compoñentes do sistema. Así, a fonética sería ética e a fonémica émica.

O obxecto das análises émicas é chegar a un conxunto mínimo de compoñentes conceptuais que poidan servir como puntos orixinais de referencia para describiren o resto de contido do sistema. Mais este conxunto mínimo de compoñentes conceptuais só pode ser descrito en termos éticos. Sería émico todo o que participa metodolóxicamente e teoricamente ao facer unha descrición émica dos sistemas de comportamento socialmente significativo, tanto lingüísticos como culturais. A ética, pola súa banda, referiríase a todo o implicado na conceptualización e descrición das compoñentes émicas básicas ou orixinais do sistema de comportamento.

Dado que os conceptos éticos pretenden describir as compoñentes émicas orixinais, proporcionan un marco referencias, isto é, as constantes conceptuais grazas ás cales se examinan as similitudes e diferenzas entre os sistemas concretos. Un estudo comparativo de como se categorizan as relacións de parentesco entre conceptos éticos.

Obsérvase, en xeral, pouco desenvolvemento da ética nas ciencias sociais exceptonalgúns puntos moi concretos. Só na fonoloxía se ve parentesco entre os aspectos tecnolóxicos e os movementos e xestos corporais comunicativos. Esta carencia xeral débese á falta de atención ás descricións émicas da maior parte dos sistemas de comportamento das culturas alleas.

Cando se identifica unha poboación cunha lingua, selecciónase como a súa lingua aquela con que a propia comunidade se identifica e que serve como lingua local interfamiliar. A fonoloxía, a morfoloxía e a sintaxe forman parte da comunicación sen que importe o tema para tratar e é probábel que presenten menos variación que o sistema semántico e simbólico. O sistema semántico ten maior variación nos significados das palabras que se usan pouco e menor nas que se usan moito. No plano simbólico, dáse unha maior variación nas palabras que denotan cousas que as persoas experimentan e condicións moi distintas e unha menor nas que denotan unha experiencia moi común.

Goodenough afonda tamén nos problemas da concepción da cultura. Esta palabra que provén do alemán *Kultur* ao comezo referíase á idea de avances tecnolóxicos, políticos, artísticos e morais da sociedade que deixa atrás o primitivo e que se volve máis civilizada, como un xeito de se achegar máis *á verdade*. O mesmo autor cita tamén a definición de cultura de Tylor (1903): “todo complexo que inclúe o coñecemento, as crenzas, a arte, a moral, a lei, o costume e calquera outro hábito e capacidade adquiridos por unha persoa como membro dunha sociedade”. Desde o punto de vista da primeira definición non existirían culturas separadas, senón unha maior ou menos participación no desenvolvemento da cultura xeral, creada e desenvolvida até ao momento pola humanidade como un todo. Nun cabo estaría o salvaxismo e e no outro o punto máximo de civilización como exemplo ideal de evolución.

Goodenough menta Franz Boas que, no final do século XIX, comeza a empregar o termo para se referir ao conxunto de diferenzas de costumes, crenzas e institucións sociais que caracterizan unha sociedade illada. O mesmo autor defende que as diferenzas culturais deben entenderse como os resultados dos accidentes da historia e das limitacións ambientais e non como un reflexo das etapas evolutiva e dunha suposta lei xeral de crecemento evolutivo pola cal todas as sociedades están destinadas a pasaren. Alén disto, asegura que todas as culturas son moi complexas e que esta complexidade é unha consecuencia directa da tremenda

potencialidade que proporciona calquera lingua humana coñecida para obxectivar e analizar a experiencia, ben como para almacenar e recuperar información. Temos aquí, por tanto, unha defensa da lingua como un dos principais elementos artelladores da cultura.

Outro dos puntos fundamentais do texto de Goodenough é a oposición entre cultura e artefactos culturais. Define cultura como o que se aprendee o que se precisa saber para cumprir as normas das outras persoas. Os artefactos culturais, polo contrario, serían as manifestacións materiais do que se aprende. Desde logo, un obxecto dun museo non causa a mesma reacción no turista que no nativo, xa que esta reacción depende dos ollos que o ven, depende do que o suxeito aprendera, da súa experiencia persoal etc. A cultura determina como se responde a eles, que se fai con eles, como se valoran e cal son os seus principios para se empregaren. Con todo, hai un *feedback* entre cultura e artefactos culturais, retroaliméntanse e ás veces é complicado diferencialos.

Un dos puntos máis frecuentes cando se tratan estes temas é o dilema do compartido *versus* o aprendido. O antropólogo americano di que se a cultura está no entendemento das persoas e se a cultura é algo común que se partillanos membros da comunidade, entón haberá que postular a existencia dun espírito colectivo e ver a cultura como *representacións colectivas*.

Os materialistas culturais e do comportamento negan a referencia ao entendemento na definición e na teoría da linguaxe e da cultura: iguálana a comportamento (non coas normas que o determinan). No entanto, as abellas tamén teñen certo comportamento e non por iso dicimos que teñen cultura, pois non hai aprendizaxe. Se é precisa a aprendizaxe para falar de cultura voltamos á mente: conceptos, crenzas, preferencias e principios. É por iso polo que se adoita seguir os antropólogos que entenden a cultura como as pautas características do grupo, fenómenos propios do nivel abstracto.

O xeito en que se adquire a cultura é parte da psicoloxía e non da antropoloxía. Se a cultura se aprende, o problema do método é o problema de como o científico aprende as outras culturas como obxecto de estudo. Tradicionalmente a cultura pertence e caracteriza a comunidade como algo distinto dos individuos, mais tamén é algo que se aprende. As persoas aprenden como individuos e, por tanto se a cultura se aprende, a súa última localización debe estar nos individuos antes que nos grupos. Haberá que ver a relación da linguaxe coa sociedade e co individuo pois a *lingua partillada* é tamén unha construción analítica.

Goodenough di que as palabras e as frases almacenadas que empregamos denotan moito menos que o abano total de formas que podemos distinguir: mais as categorías formais que designan serven como puntos fixos de referencia no catálogo de formas con que nós operamos. O uso partillado destas formas permítenos aproximarnos dun consenso con respecto ao abano de formas que poden denotar. Hai algunhas formas que chegamos a distinguir no curso da nosa experiencia individual mais non estamos para para falar delas e tenden a permanecer como entidades privadas ou mundos subxectivos que temos grande dificultade para obxectivarmos ante nós mesmos. Isto é, ante a grande posibilidade de formas que podemos percibir como individuo,s só prosperan e se constitúen como realidades obxectivábeis aquelas que son puntos fixos de referencia compartidos polo grupo.

Dada a importancia da linguaxe para aprender as formas dunha cultura, a semántica descritiva está a xogar un papel cada vez máis importante nas descrições culturais. As categorías perceptivas que se manteñen en contraste unhas coas outras constitúen un dominio semántico, p.ex. cor: *azul/encarnado/castaño*.

As ordes hierárquicasou taxonómicas (que ordenan unha lingua) van en parte explícitas e en parte implícitas nas pautas de contraste entre as formas para as cales hai palabras e expresión. Tal ordenación das formas culturais non vai sempre sequera implícita nos pisos de contraste

que descobre a análise semántica do comportamento verbal, mais aparece revelada por unha análise similar do comportamento non-verbal (Berlin, Breedhorse e Ravem 1986).

Ademais, non só distingue formas, mais relacións entre elas: espaciais, temporais, semánticas, simbólicas, inclusión, exclusión e mesmo instrumentais. Interesa o uso das formas da linguaxe para designar as distintas relacións que as persoas aprenden a discernir. As clases de relacións designadas son chamativamente similares dunha lingua a outra, a pesar das diferenzas do léxico ou da gramática, o que favorece a capacidade de tradución. Isto ten que ver coas constantes biolóxicas e psicolóxicas que caracterizan o ser humano como especie.

A codificación das relacións permítenos expor proposicións. Algunhas proposicións baséanse na nosa experiencia e outras non, mais a capacidade de formular proposicións facilita razoarmos mediante analoxías. Substituíndo unha categoría por outra imaxinamos novas disposicións que en absoluto experimentamos directamente. Esta manipulación das proposicións favorece que nos adiantemos, anticipar o futuro ou descubrir acontecementos que aínda non ocorreron. Non podemos anticiparnos ou formular propósitos e métodos máis que na medida en que anticipamos o futuro.

O proceso de codificación lingüística e manipulación verbal que nos capacita para definirmos propósitos complicados e de longo alcance tamén nos conduce a enchermos o noso mundo con produtos da nosa imaxinación. Este pode é o principal factor responsábel da complexidade das culturas humanas e a crecente complexidade e poder do coñecemento humano. Todos os pobos teñen normas de lóxica dalgún tipo (consciente ou non) e tamén normas empíricas para a valoración da validez das proposicións.

Referirémonos a seguir ás crenzas. Goodenough defíneas como proposicións que se aceptan como certas mais esta aceptación non se basea en consideracións empíricas. Unha crenza

pode sosterse por razóns sociais e emocionais e estas poden ser persoais, declaradas ou públicas. Estas últimas levan un contrato implícito. Así, a cultura sería o conxunto de modelos regularizados de tales relacións contractuais.

Os valores son descritos polo antropólogo como segue. Cada forma vai asociada dalgún modo con outras formas. Todos os obxectos, persoas, prácticas e acontecementos do repertorio conceptual de formas teñen algún significado asociativo ou simbólico. Trataríase pois, duna asociación das cousas con estados sentimentais interiores e coa gratificación dos seus desexos e necesidades sentidas; como a xente valora as cousas. Os sentimentos sobre as cousas son ambivalentes e conflictivos e para os manexar dáse unha serie de mecanismos psicolóxicos que poden conducir a crenzas e prácticas culturais extravagantes.

Un dos piares en que asenta a teoría do relativismo lingüístico é o constituído polos traballos de Edward Sapir, quen se referiu tamén a estas cuestións (1921). O mundo das nosas experiencias precisa ser simplificado e xeneralizado enormemente para que sexa posíbel levar a cabo un inventario simbólico de todas as experiencias e tal inventario é imprescindible se quixermos comunicar ideas. Os elementos da linguaxe teñen de se asociar, pois, con grupos enteiros, con clases ben definidas de experiencia e non propiamente con experiencias illadas en si mesmas. Sapir apunta, na mesma liña que Goodenough, que só desa maneira é posíbel a comunicación, pois a a experiencia illada non radica máis que nunha consciencia individual e, falando en termos estritos, é comunicábel. Para que sexa comunicada necesita relacionarse cunha categoría que a comunidade acepte tacitamente como unha identidade.

O autor afirma que o elemento lingüístico non é o símbolo dunha percepción illada nin sequera da noción dun obxecto particular, senón dun concepto, isto é, dunha cómoda envoltura de pensamentos na cal están encerrados milleiros de experiencias distintas e que é capaz de de encerrar moitos outros milleiros. Portanto, se os elementos significantes illados

da fala son os símbolos dos conceptos, o caudal efectivo da fala pode interpretarse como un rexistro da fixación destes conceptos nas súas relacións mutuas.

A seu ver, é particularmente doado demostrar que a lingua e a cultura non se achan ligadas por unha asociación forzosa. Nunha mesma cultura entran adoito linguas disímeis e outras veces ocorre que linguas moi emparentadas –ou unha soa lingua–pertencen a esferas culturais distintas. Cando estas divisións (raza, lingua e cultura) chegan a coincidir é porque houbo unha asociación histórica discerníbel. O lingüista postula que non hai relación entre a cultura e a linguaxe –a linguaxe é o molde, a forma de pensar colectivamente–, senón que é o contido da linguaxe o que está intimamente relacionado coa cultura.

Os traballos deste autor sobre as linguas amerindias, mais, sobre todo, a monografía *Language. An introduction to the Study of Speech* converterían nunha das figuras capitais do relativismo lingüístico. Reprodúcese a seguir un dos fragmentos máis ecoados da clásica obra de 1921, ilustración de que, co tempo, pasaría a denominarse *Hipótese de Sapir-Whorf*.

O certo é que a realidade está, en grande medida, construída inconscientemente a partir dos hábitos lingüísticos do grupo. As linguas nunca son suficientemente semellantes como para ser consideradas representantes da mesma realidade social. Os mundos onde viven sociedades diferentes son mundos distintos, nunca o mesmo mundo con outras etiquetas.

Benjamin Lee Whorf, discípulo de Sapir, aprofundou nas teses do seu mestre. Eis un dos seus textos máis famosos:

Cada lingua é un vasto sistema de estruturas, diferente doutras, nas que hai un programa de formas culturais e categorías a través das cales o individuo non só se comunica, senón que tamén analiza a realidade, fai notar ou ignora tipos de relacións e fenómenos, canaliza o seu razoamento e, pouco a pouco, vai construíndo a súa conciencia.

2. 1. Estudos sobre a gama cromática.

Se nos introducimos xa en estudos que aborden en concreto o campo que nos ocupa, o antropólogo Brent Berlin e o lingüista Paul Kay levaron a cabo unha investigación traslingüística da gama cromática desde unha perspectiva universalista. Os achados deste traballo detállanse a seguir, pois serán de vital importancia para o noso propio traballo de campo. Segundo Berlin e Kay (1990), a lingua non segmenta o *continuum* de cor arbitraria e independentemente de calquera outro idioma. Estes autores afirman a existencia de 11 termos básicos de cor e argumentan que aínda que as combinacións posíbeis ascenden a 2048, só existen 12 combinacións cunha orde moi determinada.

branco		amarelo		violeta
	< vermello <		< azul < < marrón <	rosa
negro		verde		laranja
				gris

Isto é, se a lingua ten dous termos para cor, estes serán equivalentes a *branco* e *negro*, se ten tres, serán *branco*, *negro* e *vermello*, se ten catro, *branco*, *negro*, *vermello* e *amarelo* ou *verde*, se ten cinco, *branco*, *negro*, *vermello*, *amarelo* e *verde* e así sucesivamente. Os investigadores afirman que estes 11 termos básicos de cor corresponden a 11 categorías perceptuais universais e que ademais esas categorías se codifican na historia dunha lingua nesa mesma orde. Estabelecentamén unha serie de requisitos para definir un termo básico de cor.

- Que sexa monolexémico. O seu significado non é predicíbel polo significado das súas partes.
- O seu significado non inclúe outro termo de cor: “un tipo de...”
- A súa aplicación non pode estar restrinxida a un só tipo de obxectos.

- Debe ser psicolóxicamente relevante para os informantes, que sexa elicitado na lista de cores e ser recorrente entre os informantes.

Igualmente, establécense outros criterios auxiliares

- Debe recibir sufixos
- Que non sexa o nome de certo obxecto
- Os termos máis recentes adoitan ser estranxeiros
- A complexidade morfolóxica

Así, estes autores posiciónanse en contra da hipótese da relatividade lingüística sostendo que a categorización de cor non é arbitraria e que os focos dos termos básicos de cor son similares en todas as linguas.

Berlin e Kay aseveran que outra evidencia da universalidade dos focos de cor entre linguas é o feito de que estes non varíen máis entre falantes de diferentes linguas que entre os que falan a mesma e que estes datos non están condicionados polo posible bilingüismo. Tamén aclaran que os límites categoriais non son verificábeis inclusive entre os mesmos informantes e que o universal se refire ao foco das categorías máis que os límites totais da área. Asemade, sosteñen que parece haber unha correlación entre a complexidade cultural xeral ou o nivel de desenvolvemento tecnolóxico e a complexidade do vocabulario de cor. Asentan esta suposta correlación na afirmación de que todas as linguas de pobos europeos e asiáticos altamente industrializados están no nivel VII mentres que todos os exemplos de linguas deniveis I, II, III fálanas pobospequenos, con limitada tecnoloxía e localizados en áreas illadas. Tamén observan que as primeiras linguas humanas puideron ter, probabelmente, un vocabulario moi reducido e que o incremento do vocabulario das cores vai en relación ao incremento do vocabulario en xeral.

Segundo Belin e Kay, todas as linguas examinadas no seu estudo confirman a hipótese evolutiva e achegan dúas evidencias: a reconstrución lingüística do vocabulario dunha familia lingüística e a reconstrución lingüística interna. Alén diso, apuntan que esta última debe facerse con dúas asuncións: a) os termos importados son máis novos que os nativos; e b) os nomes analizábeis son máis novos que os inanalizábeis. Estas formas de analizabilidade son:

I) Os nomes con afixos derivacionais son máis novos que sen eles

II) Os nomes con máis dunha raíz son máis novos que os simples

III) As raíces analizábeis son máis novas que as inanalizábeis

IV) Os termos con afixos que significan ‘cor’ son máis novos que os que non teñen ese afixo

V) Os termos que tamén son o nome dun obxecto son máis novos

Así, se aceptásemos a teoría evolutiva, teríamos de asumir que os termos que se engaden na fase VII son máis recentes que os da VI e os da I os máis antigos. De todas as formas, o propio traballo de B&K fai referencia a unha serie de linguas que non se axustan á hipótese evolutiva. Un par de exemplos virían dados polo cantonés, que ten termos para o gris e o rosa mais non para o marrón, e polo vietnamita, que non ten termo para azul mais si para todos os demais.

As conclusións destes autores con respecto a este asunto é a seguinte. Das 98 linguas estudadas non hai contraexemplos da universalidade dos 11 focos das categorías de cor e só hai 6 fortes candidatas de contraexemplos da orde evolutiva:

a) a ausencia de marrón en cantonés

b) a ausencia de azul en vietnamita

c) a presenza de marrón no apache do oeste

d) a presenza de gris en hopi, samalo, papaio e posibelmente en mandarín (único erro sistemático)

En termos xerais as conclusións do traballo son as seguintes: (I) Existen universalmente para os humanos 11 categorías perceptuais básicas de cor que serven de referentes psicofísicos dos –11 ou menos– termos de cor en calquera lingua. (II) Na historia dunha lingua dada, a codificación das categorías perceptuais en termos de cores básicas segue unha orde fixada. (III) A orde temporal considérase unha orde evolutiva. Os lexicóns con menos termos tenden a parecer en culturas relativamente simples e con tecnoloxías sinxelas, ao paso que os lexicóns con máis termos tenden a aparecer asociados a culturas máis complexas e tecnoloxicamente avanzadas.

Wierzbicka (2006), pola súa banda, defende que a esmagadora evidencia lingüística amosa que a cor non é un concepto humano universal. É por isto polo que cuestiona a validez desta noción como ferramenta analítica. A autora afirma que os eruditos que buscan palabras como *blue*, *red* ou en particular *colour* son falantes nativos de inglés e asumen que estes deben ser conceptos humanos universais e ven a súa ausencia noutras linguas como algo irrelevante. Wierzbicka ataca dicindo que *a universalidade da cor* parece tan obvia para eles como a non universalidade de nirvana, *jihad* ou kamikaze. Continúa a argumentar que diversas linguas de Australia, Nova Guinea Papúa e África non teñen termos para cor polo que *cor* non é un concepto universal: é unha noción importante en inglés e noutras linguas máis non é significativo en todas. Afirma que é un sensentido que haxa universais lingüísticos e de pensamento se hai persoas que nunca falan da cor. Esta idea é rexeitada por moitos investigadores, pois din que pode existir o concepto aínda que non exista unha palabra para el.

A mesma autora afirma que todo o traballo de B&K está baseado na asunción de que todas as linguas poden lexitimamente descritas e comparadas nos termos das palabras inglesas. A propia descrición das linguas en termos de W (*white*, branco), R (*red*, vermello), Y (*yellow*, amarelo) non deixa de ser anglocéntrico, critica Wierzbicka. Acepta que a ausencia dunha palabra non proba a ausencia do concepto mais, como se pode probar entón a presenza dun concepto para o que non hai palabra? Non todas as linguas teñen unha palabra para *cor* mais si para *vista*, polo que Wierzbicka e Goddard propoñen buscar universais visuais máis que supostos universais de cor e consideran acertado procurar tendencias universais en termos de cor mais só naquelas linguas nas que existe ese concepto.

A cuestión é que en moitas linguas non se pode preguntar *Que cor é esta?* porque non teñen este concepto. Un estudo sobre o léxico visual amosaría que tipo de preguntas facer para coñecer como pensan o mundo visíbel. A lingua australiana burarra ten só os termos *gungundja* 'luz' e *gungaltja* 'escuridade'¹enon posúe ningunha palabra para *cor* mais si un amplo vocabulario de descritores visuais aínda que ningún deles referente á cor. Wierzbicka argumenta que o feito de que en inglés exista un dominio de cor e unha categorías de cor non significa que estea xustifico anular os descritores visuais de todas as linguas a través dunha grella conceptual aplicábel ao inglés e psicoloxicamente real para os falantes de inglés.

Neste punto incoa a cuestionarse se hai dereito a impora nosa propia grella conceptual ou se os outros seres humanos teñen dereito a tentaren ver o mundo desde outras perspectivas. A autora ten claro que a estrutura da experiencia do mundo difire de lingua a lingua. Afirma que hai moitas experiencias do mundo e que se tentarmos exploralos a través dos conceptos humanos partillados máis que a través só do inglés estaremos máisperto dos mundos experimentados. Wierzbicka postula que o feito de que nunca seremos quen de

capturar todos eses mundos por completo ou perfectamente non é razón suficiente para non tratarmos de nos aproximarmos deles o máximo posíbel.

O traballo das últimas tres décadas no marco do Natural Semantic Metalanguage (NSM) mostra que todas as linguas partillan sobre 60 primitivos semánticos –unidades elementais de significado a partir dos cales se constrúen todos os significados complexos e específicos dunha lingua– isto é, átomos semánticos. A proposta de Wierzbicka é que estes átomos semánticos, xunto coas súas propiedades combinatorias, poden servir como unha metalinguaxe semántica natural para os estudos comparativos entre linguas e tamén para a procura de universais lingüísticos e conceptuais. Coa base deste átomos os diferentes sistemas lingüísticos e de pensamento constrúen moléculas semánticas que por súa vez poden xogar un papel importante na construción de moitos outros significados complexos.

O certo é que nalgúns linguas australianas non hai palabra para *árbore* en contraposición a *arbusto* ou *paxaro* en contraposición a *morcego* ou *bolboreta*. Do mesmo xeito, *cor* é unha molécula semántica en inglés e noutras linguas e baixo ela cae o significado de palabras como *blue*, *red* etc. Mais se se quixer comparar os visuais semánticos do inglés con outras linguas que non teñen palabra para *cor*, só podemos usar *ver*, non *cor* porque é *ver* e non *cor* o que todas as linguas comparten.

3. Traballo de campo

3.1. Obxectivo

O noso obxectivo é a realización dun cuestionario a un grupo reducido de informantes que nos permita avaliar a corroboración ou desbotamento das teses do traballo de B&K sobre a gama cromática aplicadas á lingua galega. Outro obxectivo paralelo é analizarmos os datos e tendencias que non se adaptan ao devandito traballo tentando pesquisar indicios de relativismo lingüístico.

3.2. Metodoloxía

3.2.1. O cuestionario

Debido ao campo semántico a que nos estamos referir, o deseño do cuestionario baseouse nunha serie de imaxes que eran mostradas ás persoas informantes e que permitían evocar o contido desexado dunha maneira rápida e eficaz. O cuestionario constaba de 54 fotografías organizadas en 5 seccións: I obxectos, II cabelo, III ollos, IV alimentos e V animais. Estas seccións teñen a súa razón de ser na observación de que *a priori*, o vocabulario para referirse ás cores pode variar segundo se refira a obxectos, persoas ou animais (*lapis amarelo, vaca marela, cabelo louro*). Alén disto, as imaxes seleccionadas buscaban comprobar as diferentes extensións semánticas dos termos de cor nos campos do cabelo, ollos e animais (por ex. *cabelo roxo/castaño, ollos verdes/castaños, vaca rubia/marela*).

A sección primeira constaba de 11 fotografías de obxectos cotiáns que tencionaban evocar o vocabulario galego correspondente aos 11 termos básicos de cor do traballo de B&K. A orde na que se foron amosando as fotos corresponde coa defendida por B&K como a de adquisición e representativa das 7 fases evolutivas. Estes investigadores sosteñen que as

posibilidades combinatorias de aparición dos 4 termos da fase VII son diversas así que sinxelamente optamos por unha: *rosa, gris, laranxa e violeta*.

As respostas desta sección, alén de serviren para obter diversas conclusións a respecto ás teses dos devanditos americanos, permitiría contrastar este léxico co obtido nos outros apartados para se referir a outras realidades.

A sección número dúas consistía en 10 fotografías que permitían recoller os termos do galego para falar da cor do cabelo das persoas. Estas imaxes buscaban recoller os termos básicos deste campo semántico, ben como perfilar a amplitude referencial destes termos mediante casos menos prototípicos mais igualmente comúns na realidade galega (*cabelo roxo, cabelo castaño, cabelo loiro*). Paralelamente tencionouse procurar léxico específico aplicábel ás persoas cunha cor de cabelo característico (*moreno, mouro, louro*). O terceiro bloco de preguntas foi feito a propósito dunha serie de 12 fotografías en que se preguntaba polos ollos das persoas retratadas. Alén de acadar o o vocabulario básico para referirse á cor dos ollos, tamén se buscaba localizar léxico concreto aplicábel só a este campo semántico. A cuarta sección consistía noutras 10 imaxes² en que se podía ver un pequeno grupo de alimentos que *a priori* sabíamos que tiñan un léxico específico: os diferentes tipos de millo, pan e uvas. Por último, a derradeira sección de preguntas baseábase nun total de 12 fotografías correspondentes a tres animais propios da realidade galega: a vaca, a ovella e o raposo. De todos os xeitos, a cerna deste apartado constituían as nove primeiras cuestións que se referían, en concreto, aos bovinos debido á existencia de vocabulario específico para estes animais (*rubia, marela, pinta* etc.).

3.2.2. Selección de informantes

Este inquérito por mostreo realizouse a unha fracción da poboación do concello coruñés de Carnota. Por tanto, o *universo* que se pretende representar con este estudo é o vocabulario referido á gama cromática da devandita localidade. Con todo, os achados desta investigación poderían ser extrapolábeis, coas debidas precaucións, á lingua galega no seu conxunto. Igualmente, a selección de informantes fíxose tamén procurando, en termos de Katz (1992), *mostras contrastantes*, isto é a selección de subgrupos que permitisen contrapor os resultados duns e outros. Estes subgrupos, catro en total, obtéñense da combinación das variábeis idade e xénero. A variábel idade delimitouse nun máximo de 45 anos para informantes do primeiro grupo (xente moza) e un mínimo de 55 para os informantes do segundo (xente idosa). Procurouse que o número de informantes fose equilibrado tanto nesta variábel como na do xénero. Así, realizóuselle o cuestionario, por unha banda, a seis homes de idade e a outras tantas mulleres e, por outra, a sete mozos e a seis mozas. Ofrécese a continuación unha táboa en que se representa mostra de informantes segundo o xénero e a idade.

A respecto doutras variábeis dignas de se teren en conta (como a ausencia de emigración de informantes ou que fosen estritamente monolingües) foi imposible esixirlas a todo o conxunto de persoas susceptibles de seren entrevistadas. A ausencia de emigración é unha característica común a todo o grupo de persoas novas a que se realizou o cuestionario, excepto a máis vella de todas elas (I13) que traballaba na capital do Estado. A tendencia invértese no grupo dos homes de idade, pois catro de seis estiveran emigrados grande parte da súa vida (I01, I02, I04, I05).

Relativamente ao descoñecemento doutras linguas, é utópico pretender achar informantes na Galiza de hoxe que só coñezan o galego, especialmente no grupo de persoas novas, pois todas elas estiveron escolarizadas en galego e español ademais de estaren expostas, cando menos, a

unha lingua estranxeira. No entanto, en prol de achar respostas propias do galegofalante medio, todas as persoas informantes seleccionadas afirmaban teren o galego como lingua primeira e ser esta tamén a súa lingua habitual.

Outro trazo desexábel nos suxeitos dos estudos etnográficos é o menor grao posíbel de exposición ao sistema educativo. Nas investigacións en que se buscan trazos dialectais, non interesa a exposición ao sistema educativo por parte dos falantes, pois adoita funcionar como un elemento uniformizador das falas particulares. No noso caso, debido á realidade sociolingüística da Galiza, cómpre prestar atención a este factor, pois implica, no grupos dos vellos, estaren escolarizados só en castelán, e no grupo dos novos recibiren no mellor dos casos a metade da súa formación en español.

Os nosos informantes de máis idade tiñan todos os estudos básicos, agás dúas únicas excepcións: a informante I07, que nunca asistira á escola, e o informante I05, que cursara o bacharelato. Por outra banda, o informante máis común do subgrupo dos novos tiña realizado estudos de formación profesional dalgún tipo. A excepción constituíana dous rapaces que tiñan ou cursaban estudos universitarios (I17 e I19 respectivamente) ou que, por mor da súa idade, non tiñan superado o ensino obrigatorio (I24 e I25).

3.2.3. Técnicas

A primeira técnica empregada para obter a información desexada foi a petición dunha descrición do que podían ver na imaxe ou proposición unha situación hipotética que requirise tal descrición (*Se estivese a falar cunha persoa doutro país, como lle describiría este animal?*). Se esta técnica non producía a resposta buscada, tentábase orientala mediante indicacións (*Fáleme do seu cabelo, que ten este de particular en comparación co anterior?*) Finalmente, se estes recursos non funcionaban, facíase unha pregunta directa do tipo *De que cor é esta chaqueta?* Esta formulación tentaba ser a pregunta tipo pois, paralelamente aos

termos concretos, o cuestionario quería localizar usos do substantivo *corco* xénero feminino característico do galego e o pronome interrogativo invariábel *que* era ideal para non condicionar as respostas. Por último, outra técnica consistía en introducir unha oración que cumpría completar (*Dixo que esta rapaza ten o cabelo negro, entón diría que é unha rapaza...-morena-*).

3.3. Desenvolvemento

3.3.1. Problemas achados

O deseño orixinal do cuestionario estipulaba que a orde das preguntas sería a das seccións que se acaban de describir nunha orde ascendente. Porén, no desenvolvemento das primeiras entrevistas, xurdiu a sospeita de que preguntar nun primeiro momento polos termos de cores básicas podía estar condicionando a respostas doutras seccións. Un exemplo podía ser que se nun primeiro momento se afirmaba que un obxecto era *negro*, despois o falante, na procura da coherencia das súas respostas, podía dicir que o millo era *negro* tamén en vez de *mouro* ou *corvo*. Isto motivou que despois de pasar o ecuador do número total de persoas entrevistadas, se relegase esta sección relativa ás cores básicas para o final do cuestionario³.

3.3.2. Resultado

3.3.2.1. Os termos de cores básicas

3.3.2.1.a. Datos

Antes de nos referirmos aos resultados desta sección, cómpre comentarmos que dúas mulleres—a máis idosa de todas (I07) e a máis vella do grupo das mozas (I20)— rexistraron, xunto co emprego do substantivo *color* en masculino, usos espontáneos do sintagma *a color*. Agora si, esta sección consiste en 11 fotografías de obxectos cotiáns que foron mostradas aos

informantes. Na imaxe n1. podía-se ver un bolso de dona que o total dos persoas entrevistadas etiquetou como *negro*, excepto o informante I03, que afirmaba que o vía *gris*. Tampouco presentou problemas a seguinte imaxe dun coche, do cal o 100% dos informantes dixo que era *blanco*.

A fotografía n.3 mostraba unha chaqueta de dona que 24 de 25 chamaron *roja*. A excepción é a informante I10 do grupo de mulleres de máis idade, que afirmou que era *encarnada*. Outras dúas donas idosas, para alén de daren a resposta inicial *roja*, tamén sinalaron secundariamente a palabra *vermella*.

O punto número catro tiña por obxecto a imaxe dun floreiro que 23 informantes describiron como *amarillo* e outros 3 como *amarelo*. Cómpre dicir que estas tres respostas se localizaron en grupos distintos, I05 e I09, home e muller idosos respectivamente e I25 –nena de 12 anos. A excepción foi a señora de máis idade (I07) que, despois de dubidar, afirmou que era *anaranxado*.

A quinta fotografía era un pantalón deportivo que o total de 25 entrevistados clasificou como *verde*. Tampouco presentou problemas a seguinte imaxe en que se podía ver unha cunca que todas as persoas coincidiron en describir como *azul*.

Algo máis complexo de analizar son as respostas a propósito da seguinte fotografía. 16 afirmaron que o xersei era *marrón* e 8 que era *castaño* e só o informante I03 dixo que era *granate*. A interpretación da distribución destes termos entre os grupos podería ser atrevida de forma que nos limitamos a describir os datos: só dúas informantes dun total de 12 entrevistadas afirmou que a prenda era *castaña*, mentres que as outras 10 dixeron que era *marrón*. As dúas excepcións pertencían, alén diso, ás mulleres de máis idade (I08 e I12). No tocante ao subgrupo dos homes, 7 de 13 afirmaron que o obxecto era *castaño* e só 5 que era

marrón. Esta proporción lixeiramente favorábel ao primeiro dos termos mantense invariábel no eixo etario.

A imaxe número 8 mostraba unha saia que 24 dos informantes denominaron *rosa*. Un dos homes de máis idade (I04) tiña dúbidas e contestou *Rojo non é, laranxa?* Dentro do grupo das 24 respostas a informante I11 dixo en primeiro lugar *fucsia* e inmediatamente despois *rosa*. Outra pequena variante é a da muller de idade I10 que respondeu *arrosada*—palabra que foi evocada tamén pola informante I11 e cunha pequena variante pola I10 noutra sección—.

O que se podía ver na fotografía número 9 era un par de zapatos que a inmensa maioría (24) describiu como *grises*. A excepción constitúea o I02, que afirmaba que aquilo que vía non lle parecía *gris* senón *beige*.

Dispómonos a seguir a abordar os dous puntos máis reveladores do noso traballo de campo: os resultados obtidos coas fotografías número 10 e 11. A imaxe número 10 representaba un caderno con tapas de cor que o 100% das persoas entrevistadas do grupo dos novos (13 de 13) describiu como *naranja* ou *naranxa*. Respostas ben distintas foron as obtidas no grupo das persoas de idade. Este grupo de anciáns consta de 12 informantes dos cales só 5 indicaron que se trataba da cor *naranja* ou *naranxa*.

A respecto destas respostas, localizáronse 3 delas no subgrupo dos homes e 2 no das mulleres. É relevante facermos notar que este léxico non aparece nas persoas máis vellas a que tivemos acceso neste traballo: non aparecen nos dous homes máis vellos (I01, I02) nin nas dúas mulleres máis anciás (I07 e I08).

As outras 7 respostas a propósito desta fotografía son moi diferentes entre si. 3 informantes indican que o obxecto é *amarillo*. Outras dúas (I10 e I11) dúbidan e acaban por remitir á cor

tella. O informante I04 afirma que o floreiro é *marrón, acastañado* mentres que a I07 a máis idosa das mulleres non é quen de evocar palabra ningunha para tal cor.

Non se observan neste punto diferenzas significativas entre as respostas de homes e mulleres, mais a variable idade é crucial pois o consenso pleno entre os mozos para etiquetar esa cor contrasta fortemente coa variedade de respostas das persoas máis vellas.

A fotografía número 11 representaba un casco de bicicleta. 11 dos 13 informantes novos indicaron que era un casco *violeta*. Só os dous homes máis vellos deste grupo (I13, 44 anos, e I14, 33) dixeron que se trababa de *lila*. De novo a sorpresa achámola revisando os resultados das persoas idosas. A resposta máis frecuente neste grupo foi que se trataba dun obxecto *azul, azul escuro* ou *dun tipo de azul* (6 de 12). Dúas mulleres (I10 e I12) responderon que era *lila* e outra (I09) *morado*. O informante I03 dubida e pregunta se é *malva*, mentres que o informante I06 nin sequera ten un nome para esta cor. Só o I05 (de 65 anos) evoca a palabra *violeta*.

A tendencia a encadrar esta cor dentro do azul por parte das persoas idosas é do 50% e dáse por igual entre homes como entre mulleres. A existencia de termos específicos para esta sección cromática documéntase case por igual entre homes e mulleres (2 entre 6 nos homes e 3 de 6 nas mulleres). Máis unha vez, a variábel idade parece ser determinante, pois existe unha fondísima consistencia nas respostas das persoas novas fronte a variabilidade dos termos evocados polas persoas máis vellas.

3.3.2.1b. Análise

A lingua galega ten, cando menos, nove termos de cores básicas (*negro, branco, vermello, amarelo, verde, azul, castaño* ou *marrón, rosa* e *gris*). 7 deles (*negro, branco, vermello, amarelo, verde, azul e castaño* ou *marrón*) correspóndense, un por un, cos 7 primeiros termos

de cor que segundo B&K adquire toda lingua humana. A existencia indiscutida de outros dous termos (*rosa* e *gris*) pertencentes ao derradeiro bloco, situarían á lingua galega na fase VII.

Precisamente os dous termos que non están asentados na nosa lingua, *laranxa* e *violeta* pertencen a ese grupo de catro cores básicas propias do estadio final (*rosa*, *gris*, *laranxa* e *violeta*). Temos de dicir que os achados desta investigación apoian a tese de B&K no punto en que os termos de cor que non están asentados pertencen ao que eles denominan fase VII e non a ningunha outra anterior.

Para comentar outra cuestión na cal os resultados do noso estudo, por unha parte, confirman as consideracións de B&K e, por outra, as desbotan, imos reproducir un pequeno fragmento da obra *Basic Color Terms. Their Universality and Evolution*:

Apparently, at Stage VII, the remaining basic categories, purple, pink, orange, and grey, are quickly added to the lexicon and, as far as we have been able to ascertain, in no particular order. Our data suggest that purple and pink probably arise from RED although occasionally purple may come from BLACK. Orange usually becomes isolated from YELLOW but there is evidence to indicate that in some cases it may have arisen from RED.

As respostas dos nosos informantes idosos para a fotografía número 10 que non se correspondían co *naranja* ou *naranxa* dos máis novos tendían a ser *amarilla*. Neste punto, as consideracións de B&K estarían acertadas, pois no caso de se desenvolver un termo específico para esta tonalidade xurdiría a partir da categoría *amarelo*. A ausencia de léxico específico para esta tonalidade nun numero tan elevado de informantes parece apuntar cara a que *laranxa* é un termo e unha categoría conceptual importada do español.

Porén, fronte as ideas apuntadas polos americanos, os entrevistados que non tiñan un novo termo para a variedade cromática aparecida na imaxe número 11, e que os mozos coincidían

en denominar *violeta*, inclinábanse a encadrar esta cor baixo a etiqueta *azul*. No caso de terse desenvolto –ou de desenvolverse no futuro– un novo termo para esta cor esta xurdiría en galego a partir de *azul* e non *vermello* ou *negro* como predín B&K.

3.3.2.2. A cor do cabelo

3.3.2.2.a. Datos

Nesta sección preguntábase pola cor do cabelo de 10 persoas. As fotografías representaban os exemplos prototípicos de cor de cabelo e tamén outros casos menos claros para observar as lindes dos conceptos. A pregunta número 12 e a 19 representaban unha muller e un home que 11 dos 13 informantes novos denominaron *pelirroja* e 12 dos 13 *pelirrojo* respectivamente. A excepción dentro do grupo da xente nova constitúeo a I23, que afirma que ambos teñen o cabelo *de color laranxa*, e o I18, que, con respecto á muller, nun primeiro momento di que é *rubia*, logo dubida e di *pelirroja* ao tempo que amenta a cor *naranja*. Na procura de denominacións alternativas para as persoas cunha cor de cabelo característica, o I19 amentou o apelativo *zanahorio*⁴.

As respostas das persoas máis vellas son, novamente, máis complexas. A metade das mulleres idosas dixo que a rapaza era *pelirroxa* ou *pelirroja* e ningún home vello empregou unha palabra semellante para esta moza. Porén, aumentou lixeiramente o uso deste termo para a outra fotografía: 4 de 6 mulleres e 1 de 6 homes.

Entre a diversidade das outras respostas destacaremos as máis significativas. A I11 afirma que as persoas de ambas imaxes teñen o pelo *roxo*. A I07 di a rapaza ten o cabelo *encarnado*. A I0 describiu do da primeira fotografía como *algo rojo, pelirrojo* e a segunda como *dorado,, pelirrojo*. Na mesma liña, o I06 di que a primeira é *castaño* e o segundo *rubio, pelirrojo* ou o I04 que afirma que a primeira é *naranja, un rubio máis oscuro* e a segunda *marrón*. Os

homes máis idosos deste traballo (90 e 80 anos) coinciden en describir o cabelo de ambas persoas como *castaño*.

A pregunta número 13 ía parella á 19 pois mostraban fotografías de dúas mulleres co cabelo moi semellante. A primeira delas orixinou respostas máis coherentes que a segunda que resultou moito máis ambigua. Se nos referimos á xente nova, 7 de 7 homes definiron este cabelo como *castaño*, ou *castaño claro*. 3 de 6 mulleres dixerón que era *castaño*, 2 *marrón* e 1 *morena*. Só 3 persoas novas de 13 fixeron algunha referencia a *rubio* en matizacións posteriores mais nunca foi o termo evocado en primeiro lugar.

De novo, as persoas maiores mostran respostas máis diverxentes. A diferenza fundamental con respecto ao outro grupo etario é a descrición desta persoa con matizacións do termo *rubio* (3 de 12: *rubio oscuro*, *rubio claro*, *rubio ceniza*) ou co termo *gris* (3 de 12: *gris*, *gris oscuro*, *tirando ao gris*). Outro dato destacado constitúeo os que responderon, na liña dos máis novos, que o cabelo da rapaza era *castaño* (4 de 12).

A fotografía da pregunta 19 pretendía ser unha confirmación da anterior e, de feito, as respostas dadas son practicamente equivalentes para unha e outra imaxe agás a tendencia a ver este cabelo sutilmente máis escuro. Isto aplícase a todo conxunto de entrevistados. 4 dos 7 mozos que na primeira imaxe viran *castaño*, falan de *negro* ou *morena* nesta ocasión, mentres que outros 2 deste grupo que amentaran o *rubio* na resposta anterior quedan co simple *castaño claro*.

A resposta para pregunta número 14 (e a súa parella, a 21) é única a través dos sexos e as idades: *rubio*. A pequena matización vén de parte do informante I01 que para a primeira di simplemente que é *algo pintado* e para a segunda *rubio claro*. Outro home vello puntualiza que é *rubio*, *tirando a blanco*.

O punto número 15 e 16 estaban intimamente relacionados. Estas dúas imaxes pretendían marcar a linde entre *castaño* e *negro* ou *moreno*. Todas as persoas entrevistadas coincidiron en ver na imaxe número 16 cabelo *negro* ou unha rapaza *morena* (25 de 25). A inmensa maioría describiu o cabelo da fotografía anterior (algo máis claro) igualmente como *negro*, *case negro*, *non negro de todo*, *negro claro*, *oscuro* ou *moreno*. Só 4 de 25 dixeron que se trataba de *castaño* (3 deles *castaño oscuro* e 1 *castaño tirando a negro*).

O cabelo da imaxe correspondente á pregunta número 17 foi descrito pola maior parte dos entrevistados como *castaño* (13) ou *acastañado* (1). Outros 3 dixeron *marrón*. 2 persoas amentaron o termo *caoba*. Estas respostas rexistráronse indistintamente nos diferentes grupos de xénero e idade. No entanto, destacan as respostas de 4 das 6 mulleres de idade que mostran unha tendencia común: I011: *roxo*, I09: *tostado, un pouco roxo*; I10: *medio encarnado* e I08: *encarnado, rojo, castaño, rubio*). De todos os modos, dúas persoas novas (un home e unha muller) fixeron referencia ao ton avermellado mais só como matización do termo *castaño*. Dous informantes novos, I13 e I21 describen esta rapaza como *morena*, termos que estenden até 4 e 5 tipos de cabelo amosados neste cuestionario.

A derradeira fotografía (pregunta número 18) mostraba unha cor de cabelo non natural, mais bastante común na actualidade. O propósito desta imaxe era proporcionar o punto máximo saturación e observar se os falantes estiraban ao uso de termos xa aparecidos ou empregaban un léxico diferente. 21 persoas de 25 dixeron que a muller tingüira o pelo de *rojo*. Só un rapaz novo mantivo o termo *pelirroja*. Destaca o *encarnado* de dúas mulleres de idade, ben como o *roxo* doutra muller vella (I11) que o fai extensivo até a catro persoas desta sección.

3.3.2.2.b. Análise

A respecto da primeira categoría de cor do cabelo das persoas, observamos dúas tendencias. Unha coherentemente discriminadora na xente nova pois todos coinciden no termo *pelirrojo*.

Porén a xente de idade, non ten un termo específico para este ton e remite a diferentes palabras que se corresponden cunha ampla gama de cor que vai desde o rubio (entendido como espectro entre o dourado e o vermello) pasando polo roxo ou encarnado até chegar ao castaño.

A uniformidade das respostas respecto a terceira pregunta desta sección (*rubio*) fai pensar que é efectivamente unha categoría cognitiva diferenciada. Quizais, as matizacións deste termo por parte das persoas idosas (e que o empregan tamén para outras categorías) podería estar motivada pola diferenza da extensión semántica desta palabra no galego tradicional e no galego moderno.

Se nos referimos agora ás tonalidades máis escuras, a conclusión é que a tendencia é a dicir que se trata de *cabelo negro* ou de *persoas morenas* e non a matizar se se trata da negritude máxima ou dun castaño escuro. As descrições do punto número 17 máis comúns son as que amentan o termo, *castaño*, *acastañado* ou *marrón* (15 de 25 en total).

A respecto do cabelo tinguido, podemos observar a tendencia maioritaria a definilo cun termo diferente: *rojo*. Na mesma liña apuntan as respostas co léxico tradicional (*encarnado*). Outra análise distinta requiren o resultado da informante I11 pois o feito de que amente a palabra *roxo*, e que a empregue tamén para describir o que para outros é pelirroxo ou castaño fálanos dunha categoría perceptiva máis ampla, isto é, un espectro cromático que iría deste o laranxa, pasando polo encarnado até o castaño.

3.3.2.3. A cor dos ollos

3.3.2.3.a. Datos

Esta sección consistía en 12 fotografías que amosaban, por duplicado 6 cores de ollos. As 6 primeiras foron amosadas individualmente mentres que a outra metade foron expostas conxuntamente. A repetición das preguntas nun esquema no que se podían facer comparacións tiña como obxecto indagar na solidez das respostas dos informantes.

Os da pregunta número 22a ían parellos cos da número 27. Un total de 19 persoas para a primeira e de 21 para a segunda dixeron que se trataba de ollos *negros*. Só 6 no primeiro caso e 4 no segundo dixeron que se traba de ollos *castaño oscuro, marrón moi oscuro* ou simplemente *oscuros*. As apreciacións de que non se trata de ollos totalmente negros son máis comúns entre a mocidade (4 de 6 na primeira e 3 de 4 na segunda proviñan do grupo dos novos).

Estas dúas fotografías eran o ton máis escuro de dúas secuencias⁵ de tres imaxes que mostraban cores de ollos próximas. Para condensar os resultados imos analizar estas dúas secuencias conxuntamente. O primeiro dato relevante é que cando a cor dos ollos comeza a clarexar a xente idosa emprega o termo *castaños* (10 de 12 na n.22b) mentres que os novos *marróns* (8 de 13 na n.22).

Hai falantes que só teñen o termo *castaño* e outros que só teñen *marrón*. Outros parecen empregalos indistintamente. Outro grupo responden (I04, I06, I11, I13) e algúns mesmo declaran metalingüísticamente que o *marrón* é unha cor máis escura que o *castaño*. Todos estes informantes pertencen á metade máis vella.

Resulta rechamante que a propósito das imaxes n.22b, n.23 e n.29 que representaban ollos máis claros que as anteriores estes foron descritos por algúns informantes apelando á

tonalidade verde (n.22b: I019: *entre verdes e marrón*, I23: *verde*; n.23: I09: *entre marrón e máis claro, verdoso*, I22: *marrón verdoso*, n.29: I21: *marróns verdosos*) aínda que a existencia dese matiz sexa francamente cuestionábel.

As imaxes n.23 e a n.29 pretendían representar a mesma tonalidade (o extremo máis claro dese espectro) que foi descrita como *castaña* en primeiro lugar por 14 de 25 e 11 de 25 respectivamente. O outro termo máis amentado foi *marrón* en 8 de 25 ocasións para a primeira fotografía e 9 de 25 para a segunda. De novo observamos unha maior incidencia desta última palabra entre o grupo dos mozos (6/8 e 5/9). Os ollos retratados nestas fotografías desconcertaban moito aos entrevistados e afirmaban non telos visto nunca. Algúns describíronos como *caoba* I03, *granate* I14, *rojo oscuro* I14, *rojos* I03 ou *naranjas* I16 e I22.

Para rematar como esta categoría cómpre sinalar dous datos máis. A informante I07, a maior de todas con 80 anos, afirmou que os ollos da fotografía n.29 eran *rubios, castaños*. Temos, máis unha vez, o uso de *rubio* no sentido tradicional: unha gama de cor que vai desde o dourado até o encarnado ou castaño. Finalmente. A I09 dixo, a propósito da imaxe n.23, que se trataba de ollos *gasios, entre marrón e verdoso* expresión que comentaremos na sección seguinte.

Os ollos retratados na imaxe n.24 e os da n.30 foron escollidos, *a priori*, para retratar a mesma categoría perceptiva. As respostas dos informantes efectivamente equiparan estes dous exemplos. A resposta de todos os entrevistados para a fotografía n.30 –a cal aparecía xunto a outros ollos cos que poder comparar– foi única: *verde*.

Porén, as respostas para a imaxe n.24, mostrada previa e illadamente, foron sutilmente diferentes nas persoas vellas. 3 de 12 dixeron nun primeiro momento que se trataba de ollos *asules* e 2 de 12 que eran *grises*. Só o I14 -do grupo dos novos- dixo que eran *claros, como*

grises e a nena I25 que eran *verdosos cun pouco de azul*. Vemos unha maior consistencia desta categoría conceptual na xente nova pois as desviacións da norma son só de 2/13 fronte as 5 de 12 no grupo das persoas idosas.

Antes de deixar atrás esta fotografía cómpre deterse na resposta ofrecida pola informante de idade I08. A respecto desta imaxe comenta que esta persoa ten os ollos *gaxos, non moi blancos*. Logo reflexiona e di que son *verdosos*. Xa na sección primeira deste cuestionario (sobre o cabelo), cando se lle pedía que describise libremente á persoa da fotografía n.13 dixo que a moza tiña o *pelo rubio claro* e os *ollos gaxos*. Cando se lle pediu que explicase a palabra comentou que significa ‘ollos claros’ especialmente ‘azuis’. Móstrase coherente cando, xa na sección III, volta a dicir que son *gaxos* os ollos da imaxe n.24. Na mesma oración dá unha nova clave ao dicir que eses ollos son *non moi blancos*. Esta informante (I08) xunto cunha das respostas do I02 (n.32) son as únicas testemuñas do emprego do cualificativo *blanco* aplicado aos ollos.

As imaxes n.26 e a n.31 representaban o que o 100% dos entrevistados definiu como ollos de cor *asul*. Mais complexas son as respostas respecto ao par n.25 e n.32. Definitivamente, os ollos da persoa da fotografía n.25 suscitaron moitas dúbidas, pois a cor era algo ambigua. Mais mesmo ante esta situación podemos obter conclusións. Alén de *verde, verde claro, verdoso* que foi unha resposta que apareceu nos diferentes grupos de idade, hai outras dúas palabras que xurdiron en franxas etarias distintas. Ante esta cor, que era considerada difícil de definir, 4 de 12 persoas vellas dixeron *castaño*, termo nunca amentado polos novos para esta fotografía. Os mozos, polo contrario, mencionaron até 7 veces a palabra *gris*, só evocada unha única vez entre os vellos.

A imaxe n.32, xa contextualizada no repertorio das outras seis tonalidades de ollos, obtivo respostas menos variábeis. A resposta máis estendida foi que se trataba de ollos *grises* 15/25.

Así e todo, dentro destas, o I07 di que son *medio gris*, o I11 *como gris* e o I17 *grises ao mellor* o que apunta cara a que non se senten cómodos afirmando taxativamente que se trata de ollos grises, sen máis. O falante I18 comenta que *ollos grises non se suele diser*.

Outra tendencia é a matizar o termo *azul* 6 de 25; a metade destes din que se trata de *azul claro* (3 de 6). Outras 3 respostas apelan ao *verde*, *verde máis claro* ou *verde escuro* só rexistradas entre as persoas de idade.

3.3.2.3.b. Análise

Sospeitamos que o termo tradicional en galego é *castaño* e que a palabra *marrón* é allea para os falantes idosos que perciben a secuencia final (-ón) como un aumentativo polo que a asocian a unha tonalidade máis escura. Fronte aos *negros*, *castaños* ou *marróns*, *azuis* ou *verdes*, *ollos grises* non é unha categoría totalmente sólida entre os falantes de galego.

3.3.2.4. A cor dos alimentos

3.3.2.4.a. Datos

O cereal da imaxe n.33 foi descrito pola maior parte dos entrevistados como espigas ou millo *negro* (19 de 25). Unha persoa de idade e outra nova dixeron que eran *escuras*. 4 de 25 informantes, todos eles de idade, dixeron que a fotografía deixaba ver unhas espigas *asules*. Ningún informante tiña léxico específico para este tipo de millo.

O representado na imaxe n.34 non foi cualificado por grande parte das persoas entrevistadas que se limitaban a dicir que era o millo *normal*, *común* ou *americano*. Dos que chegaron a apuntar un termo de cor o maioritario foi *amarillo* (7 de 11). Outras respostas foron *naranja*, *castaño* e *marrón*. Merece mención especial a resposta do I05 que afirmaba que se trataba dunha *espiga rubia*.

A imaxe n.35. consistía nun repertorio de 5 tipos diferentes de millo. A primeira delas, 35a, era outra unidade do que acabamos de describir. A seguinte na secuencia 35b foi descrita como unha espiga *blanca* pola maioría de novos e vellos. A sorpresa vén cunha denominación que só se localiza no subgrupo dos homes novos, 4 de 7 aseguran que se trata dunha *espiga de leite*.

O millo 35c suscitou todo tipo de nomes e descrições. Só 3 de 12 persoas de idade (I01, I02, I08) tiñan un termo específico; identificárono como millo *corveño*. Outras aludiron, en termos de Wierzbicka, con outros descritores visuais. 3 coincidiron en describilo como *gaspeado*, outra como *chispeado* e máis unha como *pinterexado*. As respostas da mocidade son totalmente persoais. Dan sobre todo descrições e enumeracións das cores dos distintos grans aínda que 4 delas teñen estilo común: I13: *de colores*, I20 a *coloriñas*, I19 de *colorines* ou I17: *multicolor*. Cómpre amentar o emprego dun léxico máis tradicional nunha das informantes máis novas (I24) a cal se vale do sintagma *con pinchiñas*.

A espiga 35d era máis un exemplar do descrito ao comezo desta sección. Por último, a mazaroca 35e foi descrita por todas as persoas novas como *roja* mentes que as vellas, ademais de amentar *roja* maioritariamente, tamén deron exemplos de *escura* ou *marrón escuro*.

As fotografías n.36, n.37 e n.8 representaban un pequeno subgrupo. Nelas aparecían tres tipos de pan e buscaban vocabulario específico para eles así como descritores visuais que os comparasen. A figura da imaxe n.36 foi nomeada como *boroa* por 20/25 mentres que 4/12 persoas de idade dixeron en primeiro lugar *pan de millo*. Unha persoa vella describiuno, ademais, como *acastañado* (I02) e outra como *amarillo* (I03).

O que se podía ver na fotografía seguinte provocou unha resposta xeral entre os mozos: *pan*, *pan normal*, *pan de barra*, *pan de panadería* 9/13. Dos restantes, dous dixeron que se trata

de *pan blanco* e só unha que era *pan de trigo* (I25). Porén, esta foi a resposta máis común entre as persoas vellas (7/12). Destas 7, os tres homes máis idosos do noso traballo (I01, I02 e I03) amentaron unha denominación aínda máis tradicional: *pan trigo*.

O derradeiro tipo (n.38) foi denominado por 4 de 13 persoas novas como *pan moreno* e descrito por outras 3 como *máis oscuro*. Pola contra, 5 de 12 persoas vellas identificaron perfectamente que se trataba de *pan de centeo*. Merece mención especial a I10 que fala de *fariña morena*.

Os nomes dados para as clases de uvas foron evocados a través das imaxes n.39, n.40 e n.41. A denominación máis común para a primeira delas foi uvas *negras* (9 de 25) mais este termo tende a aparecer máis entre as persoas de idade (7 de 9). Paralelamente tamén houbo quen as chamou uvas escuras (I11 e I25). Porén, fronte o *uvas negras* maioritario entre os vellos a descrición máis común nos mozos é *uvas moradas* (5 de 13) e *uvas violetas* (2 de 13).

O segundo tipo foi nomeado por 21/25 como *uvas blancas*. Porén, é igualmente significativo que as catro respostas restantes amosen unha tendencia cohesionada. 4 persoas novas (2 homes e 2 mulleres) coincidiron en dicir aquilo eran *uvas verdes*.

A derradeira piña de uvas suscitou respostas moi variadas. Unha descrición a través dos xéneros e das idades foi *rojas* (6 de 25) que vai parella co *granates* dun rapaz novo (I19) e o *encarnadas* dunha muller vella (I10). Obsérvase certa tendencia entre a mocidade a equiparar as primeiras uvas con estas outras dicindo que ambas eran *moradas* ou *violetas* (I17, I23, I24). Entre os vellos, a tendencia non é a homoxeneizar, senón todo o contrario. Rexistráronse nomes específicos deste campo semántico: *rosadas* (I06), *tintas* (I08) ou *tintillas* (I02).

3.3.2.4.b. Análise

As persoas idosas falan de *boroa* ou *pan de millo*, *pan trigo* e *pan de centeo*. As denominacións da xente nova son: *boroa*, *pan normal* e *pan moreno*. A mocidade non fai referencia ao cereal, pois todo indica que a modernización e o afastamento da vida tradicional motiva que descoñezan o cal é o ingrediente principal deste alimento.

Esta ha de ser tamén a cause da carencia de nomes específicos para os distintos tipos de millo e uvas. A tendencia xeral é a describilos cun nome de cor básica. O feito de que 4 persoas novas describisen o segundo acio como *uvas verdes*, demostra máis unha vez un afastamento do mundo rural. Para unha persoa de idade esta denominación é impensábel pois, para eles, as *uvas verdes* son as que están sen madurar.

Os diferentes tipos de millo tampouco teñen nome concreto para xente nova, que se limita a describilos con termos de cores básicas ou con descritores coincidentes coas expresións españolas (*multicolor*, *de colores*, *de colorines*). Algúns dos anciáns conservan léxico específico como *corveño* ou válense de descritores visuais máis autóctonos: *gaspeado*, *chispeado*, *pinterexado*.

3.3.2.5. A cor dos animais

3.3.2.5.a. Datos

Comentario dos resultados nesta sección é fundamente complexo polo que imos ir agrupando algunhas das preguntas. Os 25 informantes coincidiron en afirmar que o bovino retratado na imaxe n.47 era *negro*.

Con respecto á n.46, o termo evocado a través dos xéneros e das idades foi *pinta* (13 de 25). Porén, todas as demais respostas seguen dous patróns diferentes segundo a idade. Os máis novos conténtanse dicindo que é a *vaca normal*, a *típica*, ou a *de toda a vida* (3 de 13). Ben

diferente é a percepción dos máis vellos que a nomean como vaca *suísa* ou *holandesa* (7 de 12).

A respecto da n.45, a metade de informantes (13 de 25) afirmou que se trataba dunha becerra *blanca* e 1 dona de idade evocou o termo *cunchada*. 8 de 25 viron tons amarelados: 3 vellos dixeron que era *marela* ou amarelada e 5 mozos amentaron *rubia* (I18, I19) ou *loura* (I22) ou directamente *amarrilla clara*.

A imaxe n.43 suscitou respostas moi heteroxéneas. Os máis cohesionados foron os mozos posto que 9 de 13 afirmaron que o animal tiña o lombo marrón (6 de 9), castaño (2 de 9) ou pardo (1 de 9). Outros 3 de 13 dixeron que se trataba dunha vaca *roja*.

O respondido polas persoas vellas é moito máis variábel. 3 de 12 aseguraron que era *roxa* ou *roja* e outras 2 de 12 *granate*. Outras 2 dixeron que era *castaña* ou *marrón*. 3 de 12 aseguraban que era unha vaca *marela* e só o I01 que estabamos ante dun exemplar *rubio*.

Os termos amentados para as fotografías n.44, n.48, n.49 e n.50, especialmente, ben como as propias reflexións e comentarios dos informantes falan dunha gran confusión cando nos referimos á gama cromática que vai desde o amarelo até o castaño.

Só os informantes I01, I03 e I08 asumen que *rubio* se refire a unha tonalidade máis intensa e *marelo* a unha cor máis clara. Polo contrario, outras persoas de idade defenden coas súas respostas e coas súas reflexións metalingüísticas o sentido inverso (I05, I06, I09). As persoas novas non o teñen máis claro. Ningunha delas amenta o termo *marela*, e se usan a palabra *rubia* ou *loura* non o fan para facer distincións senón que tenden a estendelas a todos os exemplares amosados (I13, I14, I18, I19, I22, I24). Os demais mozos válense só de *marrón* ou *castaño* para describir todos os animais -agás a branca, a negra e a pinta- (I20, I23, I25), ás veces alternándoos con *amarillo* (I17).

Con respecto ás fotografías n.51 e n.52 non se rexistraron denominacións especiais para a cor da la destes animais. Se a primeira era unha ovella, a da segunda imaxe era una *ovella negra*, sen máis. A excepción é a informante I11 que afirmou que ás veces víanse exemplares dese tipo, *ovellas morenas*.

Por último, a n.54 era a fotografía dun raposo. 13 de 25 persoas describiron o pelo deste animal simplemente como marrón (7) ou castaño (6). A excepción entre os vellos foi o informante I03 que dixo que era *granate*. Entre os novos, proliferan as matizacións. 2 de 12 din simplemente que é *naranja*, e outros 2 inclúen este termo nas súas puntualizacións. A I24 e o I14 din que é *pelirrojo* e *rojizo* respectivamente.

3.3.2.5.b. Análise

A xente nova asume que a vaca prototípica é a pinta, mais as persoas vellas teñen claro que a pinta é *a vaca suíza* ou *holandesa* e que a vaca galega é outra ben distinta. Segundo o concluído no apartado anterior respecto aos cereais, pan e uvas, non sorprende que ante unha cor moi clara dunha vaca o que para os vellos é *marelo* ou *amarelado* para os novos sexa *rubio* ou *amarillo*, termos non específicos para os animais e ademais coincidentes co esquema conceptual do español.

A imaxe n.43 era a máis idónea de todo o noso repertorio para que xurdise a palabra *roxa* ou algún outro termo referido ao ton avermellado. Porén, esta idea só estaba presenteno 50% das respostas dos vellos e en algo menos do 20% dos mozos. Ademais, só unha persoa de idade (I01) empregou a palabra *rubia* para este punto do espectro que encerra o termo polo que podemos ver unha paulatina decadencia do sentido etimolóxico.

A defensa, por parte de persoas de idade, de que *marelo* se corresponde cunha cor máis escura e *rubio* cunha máis clara pode ter dúas explicacións. Ou ben o termo *rubio* ten unha

extensión semántica ampla e o seu foco no ton dourado e por iso se reserva *marelo* para as cores máis escuras, ou directamente, *rubio* significa para eles só á cor do ouro e, por eliminación, o termo *marelo* ten que quedar relegado ao espectro restante. O sentido etimolóxico e tamén o tradicional nunca definiría *orubio* como máis claro que o *marelo*. Todo indica que este recuamento do significado orixinal de *rubio*, así como a reformulación semántica de ambas palabras, vén dado pola presión do termo e do contido da palabra homónima en español.

Fronte ao forte consenso dos máis vellos ao afirmar que a pel do raposo é castaña, os mozos diversifican as súas respostas. A tendencia a describir o animal como *laranxa* pode ter diferentes explicacións. A primeira e máis evidente é por que teñen esta palabra, se as persoas idosas demostran carecer dun termo para esta tonalidade concreta, obviamente non a poden usar. Outra cuestión diferente é se á tonalidade dos raposos lle acae mellor a etiqueta *castaño* ou *laranxa* ou se a especie de raposo que hai en Galiza se achega máis a unha cor ou outra. Sexa cal sexa a resposta, segundo as conclusións obtidas noutras seccións, non parece que a familiaridade das persoas novas con este animal sexa maior que con outros do mundo rural galego. Outra cuestión a ter en conta sería o peso que tiveron nas súas respostas as representacións deste cánido nos materiais infantís que consumiu esta xeración.

3.3. Conclusións

Fronte á tendencia mostrada na sección 1 de que o termo violeta, se xurdir, faríao a partir do termo *azul*, o nome *uvas negras* dos idosos para o que os novos chaman *uvas moradas* ou *violetas* podería apoiar os supostos de B&K neste punto. Porén, a afirmación da informante I07 de que se trata de *uvas asules* volta a pór a balanza ao noso favor.

4. Documentación das formas atopadas en fontes terminolóxicas e na literatura popular

Os dicionarios modernos (DRAG e Estraviz) coinciden en dar o feminino como único xénero válido para o substantivo *cor*. Polo contrario, as obras lexicográficas contidas na grande base de datos do *Diccionario de dicionarios da lingua galega* (DdD) ou ben non especifican o xénero, ou din que é masculino ou ben que pode ter os dous, mais nunca definen esta palabra como feminina. Así e todo, o consenso académico de que este é o xénero tradicional, documentado xa na época medieval, non ofrece dúbidas. Incluímos aquí, ademais, un par de estrofas da literatura popular onde se pode ver este substantivo obtidas do *Cancionero popular gallego*, dado a lume nos anos 1885-1886 por Pérez Ballesteros (en adiante CPG1):

A tua color se volva	Xaquinciño, Xaquinciño,
d'a cinta d'o meu sombreiro;	Xanquinciño, meu amor:
que tan pronto m'olvidache,	moitas terras andiveches,
por ser o amor primeiro.	¿quén che levou a color?

A respecto de cores básicas, ten interese comentar o caso de *castaño* fronte a *marrón*. A primeira delas, rexistrada especialmente entre as persoas maiores para todos os usos, e nos mozos para se referir ao cabelo, é única palabra existente no DdD para esta cor. Por exemplo, Leandro Carré Alvarellos (1979):

Castaño adj. Castaño, de color de la cáscara de la castaña.

A palabra *marrón* non se rexistra neste corpus con este significado, tampouco nos dicionarios portugueses consultados (Almeida Costa e Sampaio e Melo, Priberam) nin no moderno Estraviz polo que só nos queda concluír que é un léxico inexistente en galego tradicional aínda que o DRAG a contemple como sinónimo de *castaño*. No CPG non achamos exemplos do adxectivo *castaño*, pero obviamente, tampouco de *marrón*.

De novo o DRAG é o elemento disidente, ao ser a única fonte contempla o termo laranxa co significado de cor:

laranxa substantivo feminino 1 Froito da laranxeira de forma arredondada e de cor entre amarela e encarnada [...] adxectivo 2 Que é de cor laranxa [...] substantivo masculino 3 A cor laranxa

Tanto o DdD, o dicionario portugués de Almeida Costa e Sampaio e Melo como o Estraviz non conteñen esta acepción. Só os modernos DRAG e Priberam portugueses a inclúen polo que, de existir como termo de cor básica, sería de incorporación moi recente. Igualmente, a literatura popular só recolle esta palabra referida ao froito (CPG1):

Marica, ti eres a lima
e teu pai é o limón
e tua nai a laranxa;
¡mira que comparación!

Vente comigo laranxa,
deixa quedar ó limón,
dormirás n-a miña cama
depar d'o meu corazón.

Os dicionarios galegos modernos DRAG e Estraviz recollen unha acepción de cor para a palabra *violeta* mais na ampla base de datos do DdD violeta aparece en poucas ocasión e nunca co significado de cor. Isto convídanos a pensar, xunto con todas as evidencias do traballo de campo que esta palabra non é un termo de cor en galego. O CPG recolle unha única vez esta palabra como substantivo dun sintagma preposicional. Este único uso rexistrado é, a todas luces, unha expresión literaria que alude á planta en termos metafóricos pois, é evidente que os ollos humanos non poden ter esta cor, como se verifica no seguinte exemplo (CPGIII):

A señora ama de casa
tèn ollos de violeta;
cando vén o seu galán
non sabe donde o meta.

Se nos referimos agora a termos aplicábeis só a realidades concretas, o termo garzo ou garcio foi recollido en dúas das nosas informantes de máis idade. A documentación máis antiga

desta palabra que podemos localizar no DdD está na obra de X. Filgueira Valverde, L. Tobío Fernandes, A. Magariños Negreira e X. Cordal Carús e data do 1926:

Gazo. adx. Garzo, azul, dícese de los ojos.

Aínda que o o DdD recolle tres variantes desta palabra *gacio*, *garzo* e *gazo* e tamén así o moderno Estraviz, o DRAG avala só *garzo* e *gacio*. A pesar, dun eixo semántico de ‘azul’ compartido por todas as definicións o Estraviz define o termo desta maneira:

Garço adj. De cor esverdeada ou verde-azulada.

Así e todo, neste caso é o DRAG o que recolle máis acepcións deste termo, moitas delas documentadas tamén no DdD:

garzo Para todas as acepcións SINÓNIMO *gacio* (feminino: *garza*) adxectivo 1[Animal] que ten manchas brancas nalgún dos ollos *O gato é garzo dun ollo* 2 [Olló] de cor clara preferentemente azulada *Mirábanos con eses impresionantes ollos garzos.*3 [Persoa] que ten ollos desa cor *Namorou dunha rapaza garza, moi feitiña*4 [Cereixa] grande, moi doce e de cor vermella clara *As cereixas garzas son moi sabedoras.*

Pasamos agora a referirnos termos de cor que se aplican ao cabelo das persoas ou o pelo dos animais. As procuras no DdD ao respecto do termo louro amosaron datos sorprendentes. A inmensa maioría das entradas daban como sinónimo de ‘dourado’ mais até tres dicionarios diferentes amosaban unha acepción disidente: ‘morado’. Mostramos a seguir a modo de exemplo a entrada de X. L. Franco Grande (1972):

loiro ,-ra adj. louro, que se usa en varias comarcas, según el pareado popular: Mariquiña do terbelledoiro, o teu pai ten un boi loiro. Rubio. Roxo. Dorado. Dícese también del trigo cuando ya está logrado s. m. Peñasco, peña que también se llama penedo . Rubio, de color maduro. De color morado o violeta. En Lugo y Láncara, más que rubio significa morado. oscuro. loiro . Se aplica a los cuadrúpedos de color entre castaño y negro.

O dicionario Estraviz secunda esta acepción:

Louro adj. (1) Que tem uma cor intermediária do dourado e do castanho-claro: rapariga de louros cabelos. (2) De cor morada. Água-loura: água turva. (3) Nublado, escuro: hoje está o dia louro.

Nin o DRAG, nin o Gran dicionario Cumio nin a maior parte das entradas do DdD rexistran este contido polo que tendemos a pensar que se trata dun cruzamento coa palabra *mouro* ('escuro, moreno'. Así, *louro*, para a inmensa maioría de fontes significa 'cor castaña escura tirando a vermella, coma a da castaña madura' e 'cor castaña moi clara ou tirando á do ouro'. Este é tamén o significado rexistrado nos informantes do noso traballo de campo.

Para rematar, faremos referencia a outro termo aplicábel tamén aos animais. A informante I08 foi a única en afirmar que a vaca branca –á que só se lle vía a cabeza– era *cunchada*. A investigación das fontes lexicográficas confirman o uso da falante pois tanto o glosario de Constantino García González do ano 1985 contido no DdD, así como o DRAG e o Estraviz recollen este sentido:

cunchado Para todas as acepcións SINÓNIMO conchado (feminino: cunchada) [...] 3 [Animal] de cor escura e cara branca *Tiña varias becerras cunchadas* (DRAG)

5. Confronto con outras realidades lingüísticas

5.1. O portugués

O estudo de B&K abrangía vinte linguas do mundo, mais o portugués non era unha delas. Por iso, para o noso estudo comparativo baseouse na investigación lexicográfica. Como comentamos máis arriba, nin o dicionario de portugués de Almeida Costa nin o de portugués-español de Martínez Amoyña recollen unha palabra para a categoría de cor do inglés *orange*. A entrada *laranja* describe só o froito. Ademais, aínda que os dicionarios máis recentes de portugués (Priberam) xa recollan este sentido na entrada *laranja*, non parece que se trate dun termo de cor básica, senón un exemplo máis do tipo cor carne, chocolate ou lima que, por compartir nome co obxecto que os motiva, suma puntos para os descartaren como termos de cor básica segundo as teses dos propios B&K.

Por todo isto, temos de concluír que este termo de cor era inexistente en portugués hai 3 décadas e se hoxe existe no portugués, sería cuestionábel que se trate dun termo de cor básica. Neste punto, desde logo, o portugués e o galego van da man pois o esquema luso parece corresponderse cos datos recollidos no noso traballo de campo.

Porén, as mesmas fontes lexicográficas apuntan cara unha diverxencia con respecto á categoría de B&K *purple*. A palabra portuguesa destes dicionarios non é *violeta* –que definen como certa especie vexetal e un instrumento musical de corda– senón como *violete*, que coinciden en definir da seguinte maneira.

violete adj. da cor da violeta; s.m. unha das sete cores do espectro solar.

Así e todo, os dicionarios máis recentes de portugués nomean a devandita cor equiparando a etiqueta co da planta.

Por tanto, tendo en conta estes datos, só podemos concluír que *violete* ou *violeta*, a diferenza do que acontece en galego, é un termo de cor básica en portugués. A seguir ofrecemos unha táboa comparativa do vocabulario de cores básicas das dúas linguas.

P	<i>preto</i>	<i>branco</i>	<i>vermelho</i>	<i>amarelo</i>	<i>verde</i>	<i>azul</i>	<i>castanho</i>	<i>rosa</i>	<i>gris</i>	-	<i>violeta</i>
G	<i>negro</i>	<i>branco</i>	<i>vermello</i>	<i>amarelo</i>	<i>verde</i>	<i>azul</i>	<i>castaño</i>	<i>rosa</i>	<i>gris</i>	-	-

A respecto a outros termos, estas dúas variedades lingüísticas coinciden nalgúns punto e diverxen noutros. Seleccionamos tres palabras a modo de exemplo: *ruivo*, *louro* e *roxo*. O dicionario de Almeida Costa e Sampaio e Melo (1979) define *ruivo* como reproducimos a seguir:

ruivo adj. amarelo-avermellado; fulvo, s.m. individuo de cabelo ruivo.

Este significado é compartido polos dicionarios portugueses en liña consultados (Priberam) e tamén, desde logo, polo termo galego rubio que se define en dicionarios como o DRAG deste xeito:

rubio. adxectivo 1 Vermello ou encarnado, que pode ir desde a cor do sangue ata un ton case rosa [...] 2 Entre o castaño tirando a vermello e o amarelo tirando a vermello.

A única pequena diferenza é que en portugués esta palabra se emprega para unha cor *intermedia* e o termo galego pódese usar directamente para un ton escarlata. No entanto, as similitudes son notábeis.

Para continuar co seguinte punto desta comparativa, veremos que *louro* que se describe no dicionario portugués antes citado deste modo:

louro adj. que ten uma cor intermediaria do dourado e do castanho claro.

Pola súa banda, o galego *louro* ten tamén ese significado aínda que tamén outro ‘*De cor castaña escura tirando a vermella, coma a da castaña madura*’ (DRAG). Neste punto podemos dicir que os termo galego e o portugués non son, efectivamente, equivalentes.

Finalmente, a palabra *roxo* en portugués e en galego son un exemplo non de conceptos non equivalentes, senón de significados totalmente distintos. A verba portuguesa é definida por Almeida Costa e Sampaio e Melo así:

roxo adj. da cor da violeta, violáceo, purpurino; cor roxa.

Esta definición tamén a apoian os dicionarios de portugués en liña (Primeram). Mais como sabemos, o *roxo* galego é outra cousa ben distinta (DRAG):

roxo adxectivo 1 [Pelo, cabelo etc.] da cor do ouro ou algo máis escura [...] 3 De cor entre o castaño tirando a vermello e o amarelo tirando a vermello.

O termo *roxo*, cun valor tan tradicional no galego e cun contido referencial tan característico, non se corresponde en absoluto coa palabra homógrafa lusa que, ademais, alude a un significado, unha categoría perceptiva inexistente na lingua galega.

5.2. O catalán

A diferenza do portugués, a lingua catalá si formaba parte do corpus estudado por B&K. Escollemos esta lingua para contrastar a súa categorización cromática por pertencer á mesma familia lingüística que o galego.

Segundo os datos ofrecidos pola devandita investigación, o catalán está, igual que a nosa lingua, na fase VII. Con todo, aínda que as dúas linguas están, en termos de B&K, no mesmo nivel evolutivo e de ter ambas 9 termos de cores básicas, as súas estruturas internas non se corresponden. Os 7 primeiros termos son análogos nas dúas linguas (tamén en portugués):

C	<i>negre</i>	<i>blanc</i>	<i>vermell</i>	<i>verd</i>	<i>groc</i>	<i>blau</i>	<i>marró</i>
G	<i>negro</i>	<i>branco</i>	<i>vermello</i>	<i>verde</i>	<i>amarelo</i>	<i>azul</i>	<i>castaño</i>

Se avanzarmos e nos introducirmos nos termos de cor propios da fase VII, observaremos que o galego e o catalán coinciden en acuñar un termo para *gris* e en non facelo para o *orange* inglés. As diferenzas entre unha e outra están en que o catalán máis unha categoría que denomina *morat* que non ten correspondencia en galego. A nosa lingua, pola súa parte, ten unha categoría diferenciada que é o rosa que non se documenta para o catalán no estudo de B&K. O esquema que segue ilustra estes contrastes.

C	<i>negre</i>	<i>blanc</i>	<i>vermell</i>	<i>verd</i>	<i>groc</i>	<i>blau</i>	<i>marró</i>	-	<i>gris</i>	-	<i>morat</i>
G	<i>negro</i>	<i>branco</i>	<i>vermello</i>	<i>verde</i>	<i>amarelo</i>	<i>azul</i>	<i>castaño</i>	<i>rosa</i>	<i>gris</i>	-	-

5.3. O vietnamita

A causa que motivou a elección do catalán como lingua con que confrontar o esquema cromático do galego é a mesma neste caso mais á inversa. O vietnamita é unha lingua dunha familia distinta da romance, fóra mesmo da superfamilia indoeuropea. A lingua vietnamita pertence á familia austroasiática e interesa dedicarlle unha sección neste traballo pois, para alén de presentar unha grella conceptual moi dispar á do galego, é un dos casos que ofrece resistencia á interpretación universalista de B&K.

O esquema cromático do vietnamita é análogo ao galego só nas tres primeiras categorías perceptivas: *trắng*, *đen* e *đỏ* (*branco*, *negro* e *vermello* respectivamente). Se seguimos a orde evolutiva de B&K achamos xa entidades cognitivas que non se corresponden: o termo *xanh*

significa *verde* mais tamén *azul*, é dicirteñen un único concepto para o que para nós son dous diferentes. A lista segue a partir de aquí con *vàng*, que é o noso *amarelo* e con *nâu*, *tím*, *hồng* e *xám* (*castaño*, *violeta*, *rosa* e *gris*). Podemos comprobar que a categoría *orange* dos americanos non existe tampouco en vietnamita.

O antropólogo e o lingüista din que esta lingua está na fase VII mais dun xeito problemático ao ter 3 dos 4 termos da fase final mais non un concreto para *blue*, o sexto paso inescusábel na súa liña evolutiva. Ofrecemos a seguir un gráfico comparativo entre as dúas gamas cromáticas⁶.

V	<i>đen</i>	<i>trắng</i>	<i>đỏ</i>	<i>vàng</i>	<i>xanh</i>		<i>nâu</i>	<i>tím</i>	<i>hồng</i>	-	<i>xám</i>
G	<i>negro</i>	<i>branco</i>	<i>vermello</i>	<i>amarelo</i>	<i>verde</i>	<i>azul</i>	<i>castaño</i>	-	<i>rosa</i>	-	<i>gris</i>

Como conclusión, podemos observar que tanto o galego como o vietnamita teñen 9 termos de cores básicas mais dun xeito ben diferente. Ambos coinciden en non distinguiren unha categoría para o espectro inglés *orange*. Tamén comentamos que a lingua de Vietnam ten un termo específico para o *purple* de B&K, concepto non existente no galego tradicional. E finalmente, a diferenza máis fonda é que os vietnamitas teñen un único termo para o que en galego son dúas entidades diferentes: *verde* e *azul*. Quizais a diferenza non sexa de tan distinto nivel se pensamos que algo semellante pasa na nosa lingua ao non diferenciar o *purple* inglés do azul. Pódese apelar que non é tal tendo en conta que o violeta é un dos termos de adquisición máis tardía e o *azul* que falta no vietnamita é unha categoría máis fundamental que non dá aflorado a pesar da aparición doutros termos considerados máis secundarios. Aquí é onde se ven datos que desmontan a teoría universalista de B&K e dan sustento a outras posturas máis relativistas como a de Wierzbicka. Tamén poderían dalo tendencias como as observadas no noso traballo de campo que indicaban que, se xurdir, o

violeta galego tomará corpo a partir da categoría *azul* e non do *vermello* ou o *negro*, o que para B&K sería a tendencia universal.

6. Conclusións

A visión de Ana Wierzbicka e outros lingüistas próximos ao relativismo defenden que non todas as linguas teñen unha palabra para o concepto ‘cor’ polo que é discutíbel que poidan ter termos de cor. O galego non é unha desas linguas, de forma que pode entrar a se valorar dentro esquema pretendidamente universal de Brent Berlin e Paul Kay.

A partir do noso traballo de campo descubrimos que a nosa lingua ten, cando menos, 9 termos de cores básicas. As outras dúas cores do sistema universalista (laranxa e violeta) son sistemáticas na xente nova mais só se rexistran nunha porción das persoas vellas, e nunca nas dúas mulleres ou dous homes máis anciáns polo que a aparición destes termos no vocabulario do galegofalante medio parece ter unha datación bastante concreta. A investigación das obras lexicográficas de finais do século XIX até as últimas décadas do XX confirma a falta de documentación destas formas. Todo convida a pensar que é a maior presenza do español en Galiza a partir da metade do século pasado a través da regularización do ensino e da progresiva aparición dos medios de comunicación a que motiva a penetración dos termos e dos conceptos españois.

Así, retomando o fío anterior, a lingua galega tería, polo menos, 9 termos de cores básicas, 2 dos 4 que constitúen a fase VII o que en sí mesmo xa é unha particularidade como o é que estes sexan o rosa e o gris, e non o *gris* e o *morat* do catalán ou que nos cumpra diferenciar o *xanh* verde-azul do vietnamita.

O noso traballo di que, cando hai que aludir á cor de realidades específicas, os ollos son castaños para os vellos e marróns para os mozos e que este termo non se documenta nos dicionarios clásicos de galego. Tamén descubrimos que cando se fala do cabelo das persoas ou o pelo dos animais, as persoas de idade empregan termos como roxo ou rubio para referirse a un espectro cromático que cobre o amarelo, o vermello e o castaño mentres que

para a mocidade *roxo* é *vermello* e o *rubio*, amarelo. Igualmente, observouse nas persoas novas unha perda de léxico cromático específico para describir os tipos de alimentos e animais e unha extensión do uso dos termos básicos de cor para todas as realidades. Vemos neste punto, unha tendencia á desaparición do vocabulario específico para campos semánticos concretos que vai parella a outra que camiña cara ao desenvolvemento dun maior número de termos de cor xenéricos.

Notas

¹ Os dous termos en lingua burarra –gungundja e –gungaltja non se corresponden co black e white de B&K porque non son termos de cor, refírense máis ao brillo e á animación. No estudo reallizado por Jones e Meehan (1978) o informante afirmou que certo obxecto branco era –gungaltja o demostra que efectivamente o significado desa categoría non é ‘negro, escuro’.) mais non teñen unha palabra para *cor* polo que non se pode dicir que teñan dous termos de cor. Segundo Bulmer na lingua karam (Nova Guinea Papúa).

² A derradeira destas fotos (a número 42) desbotouse no desenvolvemento dos cuestionarios por resultar redundante con respecto ás 3 fotografías anteriores. A imaxe n.35, pola súa banda, representaba un repertorio de 5 tipos de millo e as respostas foron anotadas todas no mesmo epígrafe -referirémonos a elas do seguinte xeito: n.35a, 35b, 35c, 35d, e 35e.).

³ Nun primeiro momento o número de entrevistas planeado foi de 20, por iso no momento de sobrepasar os 10 inquéritos segundo o esquema orixinal, pasouse a facelo segundo a pequena alteración descrita. Finalmente, tivemos a oportunidade de ampliar o número de inquéritos até 25 polo que o total resultou ser de 10 entrevistas mediante a orde A e 15 coa orde B. Son as primeiras, por ser un número inferior, as que se marcan cun asterisco nas táboas de resultados obtidos. Estas consideracións fanse notar na procura de rigor científico mais cómpre sinalar que non se observaron diferenzas de ningún tipo entre as respostas duns e outros.)

⁴ Unha veciña deste concello que foi desbotada como suxeito ao que lle realizar o cuestionario por motivos de nacemento –era oriunda de Cataluña e o catalán era a súa lingua primeira- comenta que na súa familia política escoitou reiteradamente nas persoas de idade o termo *panocho/-a* para se referir ás persoas de pelo roxo. Nunha procura no *Diccionario de diccionarios da lingua galega* localizamos a entrada *panocha* a cal é definida nunha das súas acepcións como a mazaroca de millo cando aínda ten a barba ou follas que a envolven. Pensamos que o uso deste termo en relación ao cabelo destas persoas está motivado polo ton avermellado que toman as barbas deste cereal. De todos xeitos, o uso deste termo con este sentido ou ben non estaba estendido ou ben está extinto pois non se recolleu en ningún informante.

⁵ O motivo de duplicar os puntos do cuestionario é confirmar as respostas dos nosos informantes.

⁶ A orde literal dos termos de cor vietnamitas na obra de B&K sería a correspondente a : branco, negro, vermello, verde-azul, amarelo, castaño, violeta, rosa e gris. No noso cadro ordenamos os datos pola orde por defecto empregada no traballo americano pois, a pesar de que nos seus datos sobre esta lingua aparece primeiro o *xanh* (verde-azul) e logo o *vàng* (amarelo), os propios B&K advirten que a orde de aparición do *green* e o *yellow* neste punto é irrelevante e, a nós neste caso axúdanos a representar as equivalencias referenciais das dúas linguas.

Referencias bibliográficas

- Artigos e monografías

BEAUD , S. & WEBER, F (2007): *Guia para a pesquisa de campo. Produzir e analisar dados etnográficos* (Rio de Janeiro: Petrópolis).

BERLIN, B. & KAY, P. (1991): *Basic color terms. Their universality and evolution* (Berkeley / Los Angeles / Oxford: University of California Press).

CAMPBELL, A. A. & KATONA, G. (1992): “La encuesta por muestreo: una técnica para la investigación en ciencias sociales”, en Festinger, L. & Katz, D. (comp.), *Los métodos de investigación en las ciencias sociales* (Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica).

CANNELL, C. F. & KAHN, R. L. (1992): “La reunión de datos mediante entrevistas” en Festinger, L. & Katz, D. (comp.), *Los métodos de investigación en las ciencias sociales* (Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica).

GOODENOUGH, W. H. (1971): “Cultura, lenguaje y sociedad” en Kahn, J. S. (1975), *El concepto de cultura: textos fundamentales* (Barcelona: Editorial Anagrama).

KATZ, D. (1992): “Los estudios de campo” en Festinger, L. & Katz, D. (comp.), *Los métodos de investigación en las ciencias sociales* (Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica).

PÉREZ BALLESTEROS, J. (ed.) (1979) [reproducción facsimilada da edición de 1885-1886]: *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña por José Pérez Ballesteros. Con un prólogo del ilustre mitógrafo portugués Theóphilo Braga*. 3 vols. (Madrid: Akal).

REGIER, T. & KAY, P (2009): “Language, thought , and color: Whorf was half right” (última consulta 21-06-2014). Disponible en <http://www1.icsi.berkeley.edu/~kay/tics2.pdf>.

SÁNCHEZ REI, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laivento).

SAPIR, E. (2013) [1921]: *El lenguaje. Introducción al estudio del habla* (México D. F.: Fondo de Cultura Económica).

WIERZBICKA, A. (2006): “The Semantics of Colour: A New Paradigm”, en Pitchford, N. J. & Biggam, C. P. (eds.), *Progress in Colour Studies: Volume I. Language and Culture* (Philadelphia: John Benjamins Publishing Company).

- Dicionarios

DICCIONARI.CAT. (última consulta: 23-07-14). Dispoñíbel en <http://www.diccionari.cat/>

DICIONARIO DE DICCIONARIOS DA LINGUA GALEGA (última consulta: 20-07-14). Dispoñíbel en <http://sli.uvigo.es/DdD/>

DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA (última consulta: 23-07-14) Dispoñíbel en <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>

DICIONÁRIO ELECTRÓNICO ESTRAVIZ (última consulta: 20-07-14). Dispoñíbel en <http://estraviz.org/>

DICIONÁRIO DA LÍNGUA PORTUGUESA (1979): J. ALMEIDA COSTA E A. SAMPAIO MELO. (PORTO: PORTO EDITORA).

DICIONÁRIO PORTUGUÊS-ESPAÑHOL (1979): J. MARTÍNEZ ALMOYNA (PORTO: PORTO EDITORA).

GLOSBE DICCIONARIO MULTILINGÜE EN LIÑA (última consulta 23-07-14). Dispoñíbel en <http://gl.glosbe.com/>

GRAN DICCIONARIO CUMIO DA LINGUA GALEGA (2011): F. Villegas Belmonte (coord.) (Pontecaldelas: Edicións Cumio).

Apéndices

Nota

Os datos contidos neste apéndice proveñen dunha serie de 25 informantes naturais do concello de Carnota e foron recollidos a través dunhas entrevistas que se realizaron entre os días 20 de xuño e 17 de xullo de 2014.

As respostas, orais, foron transcritas respectando os trazos fonéticos dialectais básicos das persoas informantes: a gheada (*gh*) e o seseo (*s*). Tamén foron representados todos os castelanismos, neste caso, segundo a grafía española.

Para a interpretación das táboas cómpre saber que os datos están ordenados do seguinte xeito: homes e mulleres vellas, homes e mulleres novas, ordenados internamente de máis a menos idade. Estabeleceuse a convención *d.* para indicar que houbo dúbidas antes de responder e o guión (-) para marcar que non se obtivo resposta.

A continuación das táboas de resultados, ofrécese tamén unha síntese dos materiais empregados para a realización dos cuestionarios. A respecto desta mostra, pedimos desculpas de antemán pola calidade de impresión se non for tan boa como as apreciacións dun traballo desta natureza merecen.